

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 8 de xuño de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/06/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/06/2020
- III. Acordo da EEME sobre a presentación de emendas ao documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente do curso 20/21”

Ábrese a sesión ás 10 horas e 12 minutos, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o único punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de acordo sobre a presentación de emendas ao documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente do curso 20/21”.

A Directora comeza lembrando os antecedentes:

- A orde do día do Consello de Goberno do día 2 de xuño incluía o punto “*Aprobación, se procede, do conxunto de medidas extraordinarias e urxentes cara á docencia no curso 2020/21*”
- Na devandita sesión do Consello de Goberno acordouse trasladar aos centros e membros do Consello de Goberno unha nova versión do documento presentado inicialmente e habilitar un prazo de presentación de emendas
- O 3 de xuño a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado enviou a nova versión do documento aos centros para súa valoración
- Ese mesmo día, 3 de xuño, enviouse o documento á comunidade universitaria do centro e habilitouse un prazo ata o venres 5 para que calquera membro da comunidade universitaria da Escola puidera presentar emendas e/ou suxestións sobre o documento. O día 4 de xuño convocouse a Xunta de Escola, habilitándose tamén o procedemento de presentación de emendas ao documento para todos os membros da Xunta de Escola.

Recibíronse valoracións e emendas ao documento por parte dos profesores Eduardo Liz e Teresa Rivas. A meirande parte das súas emendas están recollidas no documento de emendas proposto pola dirección e que foi remitido aos membros da Xunta de Escola. A continuación agradece as valoracións enviadas polos membros da Xunta de

Escola e comenta que no documento de emendas elaborado pola dirección tentouse recoller as propostas recibidas. Pide desculpas por ter enviado o documento con tan pouca antelación.

A Directora expón o documento epígrafe a epígrafe sinalando as relacións entre algunhas das emendas propostas.

Ábrese unha quenda de palabra na que interveñen: Marta Cabeza, Bienvenido Díez, David Patiño, Teresa Rivas, Jesús Rico, Alejandro Casas e Santiago Domínguez.

A Directora recolle dúas propostas xurdidas no debate:

- Engadir unha emenda ao epígrafe I.3 consistente en engadilo texto “A Reitoría porá a disposición dos centros os recursos adicionais técnicos e humanos (PAS e PDI) necesarios para poder implantar a nova organización docente”
- Engadir á segunda emenda ao epígrafe IV o texto “A reitoría habilitará os mecanismos necesarios para que o alumnado poda acceder a aqueles recursos bibliográficos esenciais que soamente existen en formato físico e que están a disposición da comunidade nas bibliotecas; os mecanismos deberán satisfacer as normas das autoridades sanitarias para minimizar o risco de contaxio e protexer a saúde do PAS, PDI e alumnado”

A continuación somete a votación o documento presentado pola dirección con estas dúas modificacións.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o acordo recollido no ANEXO III.

A Directora agradece a participación na sesión e comenta que irá informando das novidades sobre este proceso xa que vai condicionar o xeito no que se desenvolverá o próximo curso.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xuño de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 08/06/2020

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 08/06/2020

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 08/06/2020

Persoal Docente e Investigador

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. Enrique Manuel Alonso Villar
3. Lino José Álvarez Vázquez
4. María Araújo Fernández
5. Marta Cabeza Simó
6. José Bienvenido Díez Ferrer
7. Ángeles Domínguez Santiago
8. Pablo Eguía Oller
9. Fernando María García Bastante
10. Guillermo García Lomba
11. Eduardo Giráldez Pérez
12. Eduardo Liz Marzán
13. Alfonso Modesto Mandado Vázquez
14. David Patiño Vilas
15. María Carmen Pérez Pérez
16. José Santiago Pozo Antonio
17. M^a Teresa Rivas Brea
18. M^a Ángeles Saavedra González
19. Javier Taboada Castro
20. José Benito Vázquez Dorrió
21. Javier Vijande López

Alumnado

22. Noelia Alonso Rodríguez
23. Laura Andrés Herguedas
24. Miguel Ansedo Vilas
25. Marta María Caride Pérez
26. Alejandro Casal Barreiro
27. Santiago Domínguez Blanco
28. Carmen Filgueira Sánchez
29. Iván Montenegro Vázquez
30. Belén Parente Artime
31. Juan Jesús Rico Fuentes
32. Víctor Rodríguez Nistal

Persoal de Administración e Servizos

33. M^a Carmen Romo Pérez

Desculparon a súa ausencia:

- Marcos Conde Fontenla
- Daniel Villanueva Torres

ANEXO III

**Acordo da EEME sobre a presentación de emendas ao documento
“Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da
organización docente do curso 20/21”**